



## **CIRCULAR 04-2025.**

### **CONTROL FGA PC- 12/1/2025 (Xornada de mañá)**

**Art.1)** A Federación Galega de Atletismo organiza este control o día 12 de xaneiro de 2025 en Expourense (Ourense).

**Art.2)** Poderán participar atletas con licenza en vigor pola Federación Galega de Atletismo, dende a categoría Sub 10.

- En caso de necesidade, realizarase sorteo entre os atletas sen marca.
- Nos concursos terán reservado un 50% de prazas aqueles atletas sen marca nas tempadas 2024. ( de ser aceptados nunha proba non terán preferencia na segunda proba, debendo indicar no campo "observaciones" en que proba desexan participar primeiro ( 1,2,...)

**Art.3)** As inscricións realizaranse a través do sistema en liña da RFEA na páxina (<https://atletismorfea.es/user/login-registro>) ata as 20:00 horas do luns 5 de xaneiro 2025.

- Establécese unha cota de inscrición de 4 euros por atleta.
- Serán válidas, na inscrición, as marcas realizadas nas tempadas 2024 e 2025.No caso de superar o límite de prazas terán preferencia os atletas con mellores marcas.

**Art.4)** Os/as atletas deberán utilizar o dorsal outorgado pola organización, de forma visible en toda a súa superficie.

**Será responsabilidade dos/as atletas levar consigo imperdibles ou calquera outro sistema para a súa colocación.**

**Art.5)** Na proba de lonxitude e peso os atletas terán 4 intentos.  
No salto de altura os atletas terán 7 intentos como máximo.( de facer tres nulos consecutivos non poderán seguir saltando)  
Cadencias de altura de Homes e Mulleres.  
0,81-0,86-0,92-0,97-1,02-1,07 5/5

**Art.6)** Cámara de chamadas

**Os/as participantes deberán acceder á Cámara de chamadas provistos dun documento de identificación oficial ou licenza federada en formato dixital con foto.**

Peche da cámara de chamadas → 5' antes da saída a pista.

<b>SAÍDA A PISTA</b>	
<b>Minutos antes da hora oficial da proba</b>	
Carreiras	5'
Carreiras con valos	7'
Concursos	20'

**Os atletas deberán saír á pista coa camiseta e o dorsal posto.**



**Art.7)** Horario: (poderase modificar en función das inscricións)

<b>HORARIO CONTROL 12/1/2025- XORNADA DE MAÑÁ</b>				
<b>HORA</b>	<b>CARREIRAS</b>	<b>CAT/MODALIDADE</b>	<b>Altura</b>	<b>Triplo</b>
10:00			Sub 10-12-14 H-M	Homes B
10:40	60mv	Sub 14-Abs Homes		
11:00				Homes A
11:20	60mv	Sub 14-Abs Mulleres		
12:00	50m	Sub 10 Homes		Mulleers B
12:20	50m	Sub 10 Mulleres	Sub 10-12-14 H-M	
12:40	60m	Sub 12 Homes		
13:00	60m	Sub 12 Mulleres		Mulleres A
13:20	60m	Abs Homes		
13:40	60m	Abs Mulleres		

**Art.8)** A responsabilidade das inscricións dos atletas corresponderá ao seu club, salvo que sexan independentes. Aplicaranse as seguintes penalizacións:

- Nas 48 horas previas e na propia competición, calquera baixa ou a non participación final terá unha sanción de 5 euros por proba, salvo causa xustificada e acreditada por escrito á FGA [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal) ata 48 horas despois do inicio da competición.
- Non acreditar a veracidade nas inscricións enviadas á F.G.A. (6 euros por atleta con datos falsos).
- Inscricións fora de prazo: 6 euros de recargo. A súa aceptación será competencia da dirección técnica, podendo ser esta denegada. [servizos@atletismo.gal](mailto:servizos@atletismo.gal)

**Art.9)** Todo o non disposto no presente regulamento resolverase, por esta orde, de acordo as normas da F.G.A., R.F.E.A. e World Athletics.

A Coruña, a 2 de xaneiro de 2025

Yolanda González Fernández  
**Secretaria Xeral da Federación Galega de Atletismo**